



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar de En Marea con número de rexistro **49952 (10/PNC-004041)**, que figura na orde do día da Comisión 4^a prevista para o vindeiro 7 de xuño de 2019.

Emenda de substitución

Mudar a parte resolutiva que ficaría coa seguinte redacción:

“1. Iniciar as xestións necesarias para a homologación da titulación da Escola de Cantería nun título de ciclo medio e para a creación dun título de ciclo superior de mestre de cantería. Nesta homologación, prever un mecanismo para a homologación dos estudos realizados polo alumnado de cursos anteriores.”

Emenda de adición

Engadir na parte resolutiva como puntos 2º e 3º o seguinte texto:

“2. Promover os cambios normativos necesarios para a creación destas titulacións e, de ser preciso, xestionar diante do goberno do Estado a reforma do marco normativo que faga posíbel a creación destes títulos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Asemade, o Parlamento galego acorda como resolución expresar o recoñecemento cara á tradición da cantería e cara ao labor formativo, divulgativo e de proxección exterior da Escola de Poio, así como expresar o apoio ás demandas da asociación Homologar Canteiros Poio para conseguir o recoñecemento dos seus estudos con títulos académicos oficiais.”

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2019

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 06/06/2019 13:00:21

Ana Pontón Mondelo na data 06/06/2019 13:00:30



Á Mesa da Comisión 4^a

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a homologación e o recoñecemento como títulos de ciclo medio e superior con carácter retroactivo, de todos os títulos expedidos ata o momento pola Escola de Canteiros de Poio (doc. núm. 49952).

Emenda de modificación

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a dirixirse ao Goberno central coa finalidade de que se estableza un novo título de formación profesional acorde coas ensinanzas impartidas na Escola de Canteiros de Poio.”

Pazo do Parlamento, 6 de xuño de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 06/06/2019 14:20:13

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/06/2019 14:20:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia con número de rexistro **48740 (10/PNC-003937)**, que figura na orde do día da Comisión 4^a prevista para o vindeiro 7 de xuño de 2019.

Emenda de supresión

Suprimir da parte resolutiva ‘.... tal como se está a facer a nivel estatal co INAEM’.

Emenda de adición

Engadir como punto segundo na parte resolutiva:

“2.- O Parlamento insta a Xunta de Galiza a iniciar, canto antes, o proceso de selección a través de concurso público da nova dirección do Centro Dramático Galego evitando que se produza un baleiro no funcionamiento da institución pública. Nese procedemento público de selección, o Parlamento insta o Goberno galego a ter en conta as mudanzas que deben desenvolverse para reformar o CDG co obxectivo de dotalo, xunto co Centro Coreográfico Galego, da estrutura





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xurídica necesaria para superar a burocratización e a escasa actividade dos mesmos.”

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2019

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 06/06/2019 17:49:14

Ana Pontón Mondelo na data 06/06/2019 17:49:24





A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado Carlos Gómez Salgado, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de Lei en Comisión** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego **10/PNC-003961 (49078)** sobre a elaboración e remisión polo Goberno galego ao Parlamento de Galicia, antes do remate da X Lexislatura, do Plan de arquivos previsto na Lei 7/2014, de arquivos e documentos de Galicia

Emenda de modificación

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a elaborar e remitir á Cámara antes de finalizar a actual lexislatura o Plan de Arquivos previsto na Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galiza. Este plan incluirá, como mínimo, as seguintes cuestións:

- a) a avaliación das necesidades de persoal e de infraestruturas dos arquivos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galiza.
- b) a configuración, organización, integración, servizo e difusión dos arquivos de Galiza, priorizando aquelas accións que sexan máis urxentes.
- c) a incorporación da perspectiva de xénero de maneira transversal ao longo de todo o plan.
- d) medidas encamiñadas ao uso non sexista da linguaxe tanto na xestión do material como nas dinámicas de traballo do persoal, de acordo co disposto na Lei 7/2004, galega de igualdade entre mulleres e homes.
- e) a planificación temporal para desenvolver as medidas e compromisos orzamentarios para as implementar.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2019

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2019 18:02:49
Nº Rexistro: 50867
Data envio: 06/06/2019 18:02:49.924

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 06/06/2019 18:00:28

Carlos Gómez Salgado na data 06/06/2019 18:01:16

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

